2026 programación

MUSEO PONTEVEDRA

MUSEO PONTEVEDRA

programación 2026

O 2026 en 10 claves

01 Dar contexto á derradeira lección de **Castelao**

A derradeira leición do mestre exhibirase en Galicia coas obras que que explican a súa significación para a memoria democrática.

02 Xerar **diálogos** entre a historia e o contemporáneo

As exposicións sobre San Sebastián e *Bifrontes* e os proxectos do ciclo *Infiltracións* conectan a arte actual cos fondos do Museo e outras pezas históricas.

03 Difundir a **arte galega** do último medio século

Reivindicamos figuras clave das últimas décadas do século XX e as primeiras do XXI: Mercedes Ruibal, Agustín Pérez Bellas e José Freixanes.

04 Fomentar a **creación** contemporánea

Coas residencias Novos Valores e a posta en marcha da Bienal de Artes Vivas en Santa Clara amplíase a aposta por formar e descubrir creadores emerxentes.

05 Completar o discurso da **exposición permanente**

O percurso cronolóxico pola historia da arte galega completarase coa instalación da arte prerrománica e románica e a actualización da sección de Arqueoloxía.

O 2026 en 10 claves

MUSEO PONTEVEDRA
programación 2026

06

Afondar nas **colaboracións** con institucións

Traballamos da man de entidades referentes: ICOM, RAG, Consello da Cultura Galega, universidades, Matadero Madrid, Fundación Walter Leblanc...

07

Promover **novas lecturas** sobre arte e sociedade

Xornadas e conferencias sobre a creación de Maruja Malló, Castelao, José Suárez, José Freixanes... e temas transversais como feminismo e conservación.

08

Transferir coñecemento mediante as **publicacións**

Catálogos de exposicións, monografías sobre o tesouro de Caldas e sobre fotografía de Galicia, un facsímil de Castelao e novos números da Revista do Museo

09

Acoller a **todos os públicos**

Despregamos unha programación educativa e de acción cultural atractiva e variada, dirixida a toda a cidadanía.

10

O Museo cunha **perspectiva inclusiva**

Poñemos en marcha programas para persoas con problemas de saúde mental, persoas con diversidade funcional ou familias con autismo, entre outros.

Exposicións

MUSEO PONTEVEDRA
programación 2026

XANEIRO- ABRIL

San Sebastián, corpo de beleza e dor. Unha paixón privada

COMISARIADO: **XOSÉ MANUEL BUXÁN BRAN E NATALIA FRAGUAS FERNÁNDEZ**



San Sebastián, 1756. Ferdinando Gregori

A exposición amosa unha extensa representación de imaxes de San Sebastián mártir, que van desde estampas de mestres gravadores do norte, cuxas pranchas máis antigas son do século XVI ata un mostrario das derivadas da arte gráfica contemporánea que na actualidade seguen a revivir a iconografía e o mito de san Sebastián no ámbito da gráfica expandida e a publicidade. O proxecto expositivo xorde a partir da investigación que o profesor Buxán Bran presentara en 1995 na Universidade do País Vasco coa súa tese doutoral, orixe dunha investigación de máis de tres décadas.

MAIO - XUÑO

Arte en parella. Mercedes Ruibal - Agustín Pérez Bellas

COMISARIA: **CRISTINA VILLAVERDE RUIBAL**

Nena, 1974. Mercedes Ruibal

Un percorrido antolóxico polas obra artística de Mercedes Ruibal e Agustín Pérez Bellas, marcada pola súa intensa relación matrimonial. Desde unha clara autonomía plástica mantiveron liñas creativas dispares coas que lograron o recoñecemento tanto en Galicia como en España e, puntualmente, en Francia e Italia. A mostra reúne máis de cen obras de ambos e unha serie de elementos que certifican a súa posición central na pintura galega do último terzo do século XX, así como testemuños das súas contribucións literarias.

Exposicións

MUSEO PONTEVEDRA
programación 2026

XUÑO-SETEMBRO

A derradeira leición do mestre

COMISARIADO: **MUSEO DE PONTEVEDRA**

A derraira lección do mestre, 1937. AID.R. Castelao

O óleo que Castelao pintou en 1945 a partir dun dos debuxos do álbum *Galicia mártir* é unha das súas obras máis emblemáticas e unha peza clave na cultura e a memoria democrática galega do século XX. Castelao deu o rostro de Alexandre Bóveda á vítima da represión franquista que xace no chan, como homenaxe ao seu amigo, asasinado en 1936. No verán de 2026 este cadro volve a Galicia para exhibirse por primeira vez en Pontevedra, xunto ao debuxo que está na súa orixe e o manuscrito *Co pensamento en Galiza*, que sería publicado en 1944 como *Sempre en Galiza*, dedicado a Bóveda.

XULLO-SETEMBRO

José Freixanes, eternos son os soños. Obra pictórica 2006-2025

COMISARIO: **XOSÉ LUIS GARCÍA CANIDO**

Salto, 2011. José Freixanes

Unha mostra que recolle a obra pictórica que o pontevedrés José Freixanes, recentemente falecido, desenvolveu nos últimos vinte anos. A partir das súas intervencións na catedral de Sacre Coeur en Casablanca (2006) e no Asaad Basha de Damasco (2007), preséntase unha escolma de case medio centenar das pinturas nas que afondou en ideas e conceptos que xa se están presentes ou se albiscan naqueles traballos: desde o alfabeto como trazo que nos invita a comezar unha viaxe cara o outro, ata a práctica da cosedura coa que conforma un particular vocabulario co que constrúe unha escritura pictórica persoal.

Exposicións

MUSEO PONTEVEDRA
programación 2026

Infiltracións. Diálogos coa colección do Museo

COMISARIO: **IÑAKI MARTÍNEZ ANTELO**

Convidamos a artistas actuais a presentar as súas obras en diálogo coa colección do Museo.

Ira Lombardía (Asturias, 1979) entrelaza imaxes, obxectos e espazo para explorar a domesticidade, a memoria material e as nocións de movemento e desprazamento. A instalación articúlase no que ela denomina unha "coreografía do tránsito": un fluxo invisible que percorre os edificios Castelao e Sarmiento, xerando novas lecturas a partir de obras das colecções do Museo seleccionadas pola propia artista, onde o histórico se entrelaza co íntimo.

Berio Molina (A Fonsagrada, 1977) investiga as capas afectivas, os silencios e as ausencias que atravesan os arquivos do Museo de Pontevedra. A través de diversas accións, o artista busca establecer un diálogo entre os corpos do pasado e as sensibilidades contemporáneas, propoñendo unha lectura íntima e crítica do museo como un organismo vivo onde a historia e a experiencia persoal se entrelazan.

XUÑO-OUTUBRO

Ira Lombardía

NOVEMBRO-MARZO

Berio Molina

Exposicións

MUSEO PONTEVEDRA
programación 2026

NOVEMBRO-XANEIRO

Bifrontes

COMISARIA: **COVADONGA BARREIRO RODRÍGUEZ-MOLDES**

Hermathena, s. I d.C.

O Museo de Pontevedra conta na súa colección con dúas fantásticas esculturas bifrontes: un busto galaico romano tallado en granito e atopado en Dornelas (Mos), e unha herma bifronte clásica en mármore coas cabezas de Zeus-Amón e Xano. Ambas funcionan como referencias fundamentais dunha exposición que propón o bifronte como unha condición contemporánea: non só coma unha forma visual, senón coma unha maneira de estar no mundo. Obras que miran simultaneamente en direccións opostas, que conteñen tempos, identidades ou sentidos en tensión, sen resolverse.

Exposición en colaboración coa Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Renovación da exposición permanente

MUSEO PONTEVEDRA
programación 2026

Instalación da colección de Románico e Prerrománico

Tímpano de Palmou, ca. 1150-1160

Logo da colocación o ano pasado das estatuas dos profetas do Pórtico da Gloria, en 2026 completarase no Claustro do Edificio Sarmiento o percorrido cronolóxico pola arte galega coa instalación do Románico e o Prerrománico. Recuperaranse para a visita pública pezas prerrománicas tan relevantes como as laudas de estola e outros sepulcros altomedievais, os capiteis de mármore e granito de San Salvador de Setecoros e o disco ornamental de Sabanle. Tamén se colocarán pezas emblemáticas da arte románica galega, como o tímpano de Palmou, capiteis como os de Santa María de Bermés, entre outros, e a escultura de San Pedro procedente de Santiago de Gres.

Actualización das salas de Arqueoloxía

Askós do Castro de Alobre, época castrexa

No 2026 comezarase o proceso de actualización das salas de Arqueoloxía, co obxectivo de mellorar a información e a contextualización do espazo dedicado á Prehistoria e a Historia antiga en Galicia. Revisaranse as datas de moitas pezas expostas, mellorarase a súa explicación mediante a redistribución dos materiais expostos nas salas e a incorporaranse novas pezas ata agora en almacéns, como o “askós” pintado do Castro de Alobre, a lucerna de Caldas Reis, o anel con entalle da Lanzada e a tubería de chumbo de Porta de Arcos.

Creación contemporánea

MUSEO PONTEVEDRA
programación 2026

DO 2 AO 12 DE XULLO

Bienal de Artes Vivas

COMISARIO: **IÑAKI MARTÍNEZ ANTELO**

Janet Novás, Bienal de Pontevedra 2025

A Bienal de Artes Vivas de Pontevedra xorde como un espazo específico para as prácticas vivas e contemporáneas, en diálogo directo co proxecto xeral da Bienal. Aproveitando o momento especialmente fértil que están vivindo as artes vivas, amosaremos traballos terminados ou en proceso, moitos deles que se presentarán por primeira vez ante un público. O convento de Santa Clara reunirá propostas que transitan entre a performance, a danza, as artes escénicas e a música, apostando pola hibridación de linguaxes e o acontecemento vivo como modos de activar novas miradas sobre a contorna e as persoas que a habitan.

Residencia Novos Valores

Sara Piñeiro e Sol Mussa

A Deputación e o Museo están a desenvolver en 2026 a segunda edición de Novos Valores no seu formato de residencias artísticas en colaboración con entidades de prestixio internacional. Sol Mussa e Sara Piñeiro foron as artistas seleccionadas para gozar dunha residencia de catro semanas entre os meses de febreiro e abril na Fondation Walter & Nicole Leblanc de Bruxelas, e de tres meses no Centro de residencias artísticas de Matadero Madrid, entre abril e xullo. Os resultados presentaranse publicamente na próxima edición da Bienal de Pontevedra, que terá lugar no verán de 2027.

Xornadas e seminarios

MUSEO PONTEVEDRA
programación 2026

XANEIRO

Seminario ‘Mulleres, feminismos, canon’

SETEMBRO

Xornadas arredor d’*A derradeira leición do mestre*

OUTUBRO

XVI Memorial Filgueira Valverde

NOVEMBRO

XV Encontro de Conservación e Restauración

Xornadas arredor das exposicións

Imaxes en Reserva: Os Arquivos Fotográficos dos Museos

Xornada sobre Mercedes Ruibal e Agustín Pérez Bellas

Xornada sobre José Freixanes

Máis conferencias e xornadas

Día das Artes Galegas

Día Europeo da Arte Rupestre

Xornada sobre téselas de hospitalidade

...

MUSEO PONTEVEDRA
programación 2026

Públicos e acción cultural

Cursos e obradoiros

Máis que Musas. Creadoras de Vangarda

Obradoiros de Entroido, Semana Santa, Verán e Nadal
...

Datas especiais

Día Internacional dos Museos

Semana Lorquiana
...

Programación didáctica arredor das exposicións temporais

Programación musical

Ao Son do Piano

Noites de Música Antiga
...

Programas de conexión social

"Acompañarte" e "Esculpindo espazos comúns": persoas con problemas de saúde mental

"Empower Parents": inclusión cultural para familias con autismo

"Museo Singular, Mirada Plural": persoas con diversidade funcional

Visitas guiadas con intérprete de linguaxe de signos

Visita virtual en lectura fácil
...

Publicacións impresas e difusión web

MUSEO PONTEVEDRA
programación 2026

Edición de monografías

Esenciais: O Tesouro de Caldas, de Beatriz Comendador

Galicia retratada, de Luis Alcalá-Galiano

Facsímil de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao (coedición con Galaxia)
...

Catálogos de exposicións

Infiltracións

Acisclo en 66 obras

San Sebastián, corpo de beleza e dor

Pinturas negras

Leopoldo Varela

Debuxar coa luz
...

Volve a revista do Museo

Publicación dos números 65 e 66 da revista *El Museo de Pontevedra*

As publicacións en PDF a través da web

Iniciar o proceso para dspoñer na web das publicacións en PDF para descarga, incluíndo os artigos da revista do Museo

Novas funcionalidades na web

Mellorar o acceso a información sobre as liñas da colección e a contidos divulgativos sobre as pezas da colección.

Crear unha sección sobre investigación, con vídeos das conferencias, acceso a publicacións etc.

Reorganizar a estrutura do sitio web.
...

Deputación Pontevedra

MUSEO PONTEVEDRA